

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/28	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	01 de agosto de 2025
Duración	Dende as 13:15 ata as 13:29 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 28.07.2025**

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 28 de xullo de 2025.

Expediente 1253/2025. CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA AS PRÁCTICAS LABORAIS INCLUÍDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DO CURSO SSCB0209 – DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EDUCATIVO INFANTIL E XUVENIL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a ORDE de 1 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2026.

Visto o Convenio de Colaboración para as prácticas laborais que achega o Centro de Formación “José Lago Domínguez (Formación Técnica)” que se anexa íntegramente a continuación:

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA AS PRÁCTICAS LABORAIS INCLUÍDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DO CURSO SSCB0209 – DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EDUCATIVO INFANTIL E XUVENIL

ORDE de 1 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2026, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2024-2025 (código de procedemento TR301K). Condicións recollidas no CAPITULO V. das prácticas non laborais; artigo 32. Prácticas en empresas da Orde citada no parágrafo anterior.

DATOS DA ACCIÓN FORMATIVA:

Nome do curso: **DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EDUCATIVO INFANTIL E XUVENIL**
Código: SSCB0209
Cursos: 2024/003706
Duración do curso: Do 16 de xuño ó 29 de agosto de 2025
Módulo de prácticas: MP0270– Módulo de prácticas profesionais non laborais (160 horas)
Duración do módulo: Do 05 ó 29 de agosto de 2025

POR UNHA PARTE: (O centro de formación).

D. José Lago Domínguez, con DNI 76.***-X como responsable do centro de formación “JOSE LAGO DOMÍNGUEZ (FORMACIÓN TÉCNICA SILLEDA)”, con número de centro colaborador da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, 3602145.

POR OUTRA PARTE: (A empresa).

Don/a Paula Fernández Pena, con DNI 76****M como responsable de “**Concello de Silleda**” con CIF: P3605200I e con domicilio en R/ Progreso 41 Silleda, 36540, Pontevedra

ACORDAN subscribir este convenio de colaboración entre entidade de formación e a empresa para a realización das prácticas profesionais non laborais (160 horas) do curso arriba indicado, segundo o indicado no punto 2 do artigo 5.bis “Módulo de formación práctica nos centros de traballo do Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade (modificado polo Real Decreto 1675/2010 de 1 de decembro).

CONDICIÓN:

1. O centro de formación presentará con dez días hábiles de antelación á data prevista para a realización das prácticas a correspondente comunicación á Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
2. O centro e o responsable da empresa colaboradora planificarán un sistema de tutorías para o seu seguimento e avaliación; coas datas, lugar de realización, horario e duración.
3. A duración das prácticas será de 160 horas.
4. O centro de formación deberá acreditar a vixencia de un seguro de accidentes dos/as alumnos/as que cubra os riscos do curso, deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas e contraerase estritamente durante o período de duración das prácticas.
5. O centro de formación deberá acreditar a vixencia de un seguro de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que, para os bens e as persoas poidan derivar da realización das prácticas en empresas.
6. A empresa colaboradora á sinatura do presente convenio declara ter a licenza de actividade ou declara responsablemente por medio do seu representante legal facendo constar a idoneidade dos locais de impartición onde se van desenvolver as prácticas.
7. A empresa colaboradora á sinatura do presente convenio declara que cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais.
8. Para a realización das prácticas débese ter en conta que os postos de traballo que o alumno poderá desempeñar unha vez finalizado o curso será algún dos seguintes: actividades socioeducativas de tempo libre, actividades de tempo libre nos servizos educativos dentro e fóra do marco escolar. Poderán desenvolver a súa competencia en calquera organización que o contemple a realización de programas de promoción do tempo libre educativo para a infancia e a xuventude, con apoio e dirección dun nivel superior e no marco dun proxecto educativo. En o desenvolvemento da actividade profesional aplícanse os principios de accesibilidade universal de acordo coa lexislación vixente.
9. As empresas en que se realicen as prácticas comunicaranlles aos representantes legais dos traballadores na empresa unha relación das/os alumnas/os que van realizar as prácticas, as datas e horarios de realización.
10. As prácticas que realicen os/as alumnos/as de formación profesional para o emprego non suporá en ningún caso a existencia de relación laboral entre eles e as empresas ou organismos de Administración.

11. Unha vez comunicadas as prácticas, as entidades deberán comunicar ao órgano competente calquera incidencia que se produza no seu desenvolvemento.

12. En aplicación do marco xurídico configurado ao abeiro do disposto na DA 52 do texto refundido da Ley General de la Seguridad Social (LGSS), con vixencia dende o día 1 de xaneiro de 2024, o cumprimento das obrigas da Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade de formación que organice as prácticas. **Á sinatura do presente convenio queda expresamente estipulado que tales obrigas correspondan ao centro de formación responsable da oferta formativa.**

13. Esta obriga supón un novo procedemento de xestión para o cumprimento das comunicacións de altas e baixas do alumnado que realice as prácticas, así como a cotización obrigatoria dos días de realización destas polo alumnado. **Á sinatura do presente convenio queda expresamente estipulado que tales pagos de cotización correspondan ao centro de formación responsable da oferta formativa.**

14. O centro de formación deberá solicitar da Tesorería General de la Seguridad Social a asignación dun número de conta específico para este colectivo de persoas. O prazo para comunicar á Tesorería ditas altas e baixas será de dez días naturais dende o comezo ou remate das prácticas.

DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS:

1. As actividades a desenvolver serán as estipuladas no Anexo VIII **Programa formativo del módulo de formación práctica en centros de trabajo**. Documento que se anexa ao presente.

2. Para a realización das actividades terase en conta o programa e módulos que compoñen a especialidade "SSCB0209 - DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EDUCATIVO INFANTIL E XUVENIL".

CONTIDO DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE:

MF1866: Actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil

MF1867: Procesos grupais e educativos no tempo libre infantil e xuvenil

MF1868: Técnicas e recursos de animación en actividades de tempo libre

MP0270: Módulo de prácticas profesionais non laborais

PROGRAMA DO MÓDULO DE PRÁCTICAS

Contidos teórico-práctico

1. Colaboración na organización de actividades de tempo libre infantil e xuvenil.

- Presentación dos obxectivos da entidade destinataria das actividades (intereses e necesidades do grupo de destinatarios).
- Selección e planificación das actividades propostas en relación co/os contorna/s ou espazos onde se van a desenvolver e o tempo dispoñible.
- Identificación dos materiais e recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades para realizar.
- Proposta de actividades que promovan a xeración de valores, a socialización, a participación e os hábitos de vida saudable.

- Desenvolvemento de mecanismos de comunicación efectivos, motivadores e educativos entre o/a monitor/a e as persoas participantes.

2. Apoio na posta en marcha e avaliación das actividades de tempo libre infantil e xuvenil

- Identificación dos contidos básicos nas presentacións de actividades.
- Organización dos equipos de traballo
- Definición dos plans de actuación ante posibles incidencias ao longo do desenvolvemento das actividades.
- Aplicación das técnicas de avaliación de proxectos e posibles axentes avaliadores.

3. Aplicación de técnicas de dinamización de grupos nos contextos de tempo libre infantil e xuvenil.

- Selección e secuenciación das actividades de dinamización grupal.
- Aplicación das técnicas grupais adaptadas ás posibles situacións que poidan darse nestes contextos.
- Selección de actividades de grupo que favorezan a comunicación, integración e cohesión grupo.
- Aplicación de técnicas para a xestión de conflitos.
- Aplicación dos mecanismos de comunicación entre o monitor e os participantes nas actividades de tempo libre.
- Identificación e xestión das problemáticas individuais e/o grupais que poidan xurdir no desenvolvemento das actividades.

4. Aplicación de técnicas de animación, expresión, creatividade e xogo.

- Selección e desenvolvemento de actividades en relación a centros de interese, secuenciando as mesmas no transcurso do programa de actividades.
- Emprego adecuado das técnicas e recursos de expresión plástica, musical, oral, gráfica, audiovisual etc.
- Colaboración na organización e desenvolvemento das actividades nas que se inclúan a danza, o xogo dramático e as expresións de cultura, deporte e folclore popular.
- Utilización dos procedementos e linguaxes técnicos contemporáneos, así como os recursos tecnolóxicos dispoñibles (audiovisuais, informáticos etc.).
- Elaboración de propostas de actividades que promovan a creatividade do persoal participante.
- Selección e desenvolvemento de diferentes tipos de xogo de acordo a: os obxectivos expostos, a idade, o nivel madurativo das persoas participantes, contexto no que se desenvolven, tipoloxía de grupos.
- Recoñecemento, preparación e posta ao dispor dos materiais e recursos dos distintos xogos, no seu caso.

5. Desenvolvemento de acampadas, excursionismo e as actividades no medio natural.

- Selección e desenvolvemento actividades no medio natural considerando os elementos e condicionantes da contorna.
- Recoñecemento das técnicas e ferramentas necesarias para a consecución dos obxectivos propostos.
- Identificación das mellores prácticas para o uso e conservación dos equipos e materiais en xeral.
- Aplicación das técnicas de orientación en distintos contextos e con diverso material.
- Montaxe e desmonte de tendas de campaña tendo en conta a contorna e a tipoloxía de material dispoñible.

6. Control da salubridade, seguridade e riscos no desenvolvemento do plan de actividades:

- Realización dunha avaliación de riscos no contexto de desenvolvemento das prácticas.
- Identificación das medidas preventivas aos riscos determinados e as medidas correctoras necesarias.
- Coñecemento dos diferentes niveis de intervención sanitaria, protección civil e seguridade, no contexto no que se desenvolve a actividade, valorando a oportunidade de cada un.
- Aplicación dos protocolos de actuación ante accidente, enfermidade ou evacuación.
- Utilización dos elementos dunha caixa de primeiros auxilios.
- Aplicación de técnicas de primeiros auxilios.

7. Integración no equipo de monitores e o proxecto de actividades:

- Comportamento responsable e participativo respecto das propostas e dedicións adoptadas.
- Aceptación e realización das tarefas e funcións asignadas e, no seu caso, as da coordinación do proxecto.
- Respecto aos procedementos e normas do grupo de traballo.
- Interpretación e execución con dilixencia as instrucións recibidas e acordos adoptados.
- Adecuación ao ritmo das actividades e do global do proxecto.

8. Integración e comunicación no centro de traballo

- Comportamento responsable no centro de traballo.
- Respecto aos procedementos e normas do centro de traballo.
- Interpretación e execución con dilixencia as instrucións recibidas.
- Recoñecemento do proceso produtivo da organización.
- Utilización das canles de comunicación establecidos no centro de traballo.
- Adecuación ao ritmo de traballo da empresa.
- Seguimento das normativas de prevención de riscos, saúde laboral e protección do medio ambiente.

Para que así conste e xurda os efectos oportunos asínase entre o centro de formación "JOSE LAGO DOMINGUEZ (FORMACIÓN TÉCNICA SILLEDA)" por medio do seu representante legal D. José Lago Domínguez, con DNI 76****X e domicilio en Avda. do Parque 24, Silleda, Pontevedra, a/o titor/a do módulo de prácticas profesionais non laborais do centro de formación e o responsable das prácticas na empresa colaboradora.

O representante da empresa declara responsablemente e deste xeito acredita a idoneidade dos locais para a impartición das prácticas profesionais non laborais obxecto do presente convenio.

O representante da empresa declara responsablemente e deste xeito acredita que a empresa cumpre con toda a normativa de Prevención de Riscos Laborais.

O centro de formación
Formación Técnica Silleda

Titora do módulo de prácticas de
Formación Técnica Silleda"

Responsable da empresa

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración para as prácticas laborais incluídas no programa formativo do curso SSCB0209 – dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

SEGUNDO: Facultar a Alcaldía para a sinatura de cantos documentos sexan precisos con respecto o asunto acordado.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos oportunos.

Expediente 484/2025. MELLORA DO PARQUE INFANTIL EN LARO. SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Resolución de concesión da Deputación de Pontevedra, DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1- INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO"MEJORA DE PARQUE INFANTIL EN LARO. SILLEDA" Expte. Nº: 2025018691

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: MEJORA DE PARQUE INFANTIL EN LARO. SILLEDA por importe de 46.867,91 euros (IVE INCLUÍDO).

Visto o informe definitivo emitido polo técnico municipal no que se recolle que non se prevé a necesidade de tramitación administrativa ningunha de autorización sectorial, o cumprimento da normativa urbanística, e que as obras que se definen no proxecto non afectan á de estabilidade, seguridade ou estanqueidade do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP,

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o proxecto: MEJORA DE PARQUE INFANTIL EN LARO. SILLEDA por importe de 46.867,91 euros (IVE INCLUÍDO) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Segundo.- Iniciar ao expediente de contratación da obra MEJORA DE PARQUE INFANTIL EN LARO. SILLEDA por importe de 46.867,91 euros (IVE ENGADIDO).

Expediente 1028/2024. PROYECTO MODIFICADO Nº 1: INSTALACION DE DE SKATEPARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que, por Resolución da Alcaldía 2025-0491, de data 06 de xuño de 2025, acordouse aprobar

o Proxecto Modificado nº 1 da “INSTALACIÓN DE SKATE PARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA”, presentado polo Director de Obra e redactor do Proxecto inicial, Don Román Gómez Fraiz, con rexistro de entrada neste Concello nº 2025-E-RE-916, de 28 de maio de 2025.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saida 2025-S-RE-714, de data 6 de xuño de 2025, dase audiencia ao contratista, URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L. con N.I.F. B-44952430, adxudicatario do contrato de obras denominado “INSTALACIÓN DE DE SKATE PARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA”.

Visto que, mediante escrito con Rexistro de Entrada 2025-E-RE-985, de data 09 de xuño de 2025, polo contratista adxudicatario URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L., acéptase o modificado do contrato da obra “INSTALACIÓN DE DE SKATE PARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA”.

Visto que, mediante Resolución da Alcaldía 2025-0510, de data 11 de xuño de 2025, acordouse:

- Aprobar o expediente de modificación do contrato de obras de “INSTALACIÓN DE SKATE PARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA”, segundo os criterios recollidos no Proxecto Modificado nº 1 da “INSTALACIÓN DE SKATE PARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA”, presentado polo Director de Obra e redactor do Proxecto inicial, Don Román Gómez Fraiz, de 28 de maio de 2025, e aprobar definitivamente a modificación do proxecto que recollerá as prescricións técnicas que rexeran esta contratación.

- Aprobar e dispor o gasto correspondente e proceder ó reaxuste da garantía definitiva otorgada pola empresa adxudicataria.

	INICIAL	MODIFICADO	DIFERENCIA
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	44.900,00 €	27.509,37 €	-17.390,63 €
GARANTÍA DEFINITIVA 5% DO VALOR ESTIMADO	2.245,00 €	1.375,47 €	-869,53 €

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada 2025-E-RE-1437, de data 31 de xullo de 2025, polo contratista adxudicatario URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L., preséntase aval n.º 57.090 de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S. G. R.), polo importe de 1.375,47 €, como garantía definitiva das obras de PROYECTO MODIFICADO N° 1: INSTALACION DE DE SKATEPARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA.

Visto que no mesmo escrito solicítase polo contratista adxudicatario a devolución do anterior aval, n.º 56.217 de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S. G. R.), polo importe de 2.245,00 €.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na

resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro: Proceder a devolución do aval, n.º 56.217 de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S. G. R.), polo importe de 2.245,00 €.

Segundo: Aceptar o aval n.º 57.090 de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S. G. R.), polo importe de 1.375,47 €, como garantía definitiva das obras de PROYECTO MODIFICADO Nº 1: INSTALACION DE DE SKATEPARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA.

Terceiro: Notificar este acordo ó contratista adxudicatario, URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE